

ENCONTRO DE MULLERES

D./Dña _____
con DNI _____ como REPRESENTANTE LEGAL de
D./Dña _____

Con DNI _____ como SOLICITANTE
Tes a capacidade de obrar modificada a través de Si Non
sentenza ditada por un xuíz ou xuíza

Marca cun "X" o que corresponda:

¿Usas cadeiras de rodas?: Si Non

¿Tes algunha alerxia ou intolerancia alimentaria ou precisas un menú especial?

Si Non

En caso de afirmativo indica cal: _____

¿Necesitas apoio para a toma de medicación?

Si Non

¿Necesitas apoio para a mobilidade durante encontro?

Si Non

¿Necesitas axuda para orientarte nun sitio descoñecido?

Si Non

Necesitas algún outro apoio?

En caso de afirmativo indica cal: _____



O menú será o seguinte:

Venres 2 de xullo

Cea

- Roliños de acelgas ao roquefort gratinados
- Ensalada de froitos secos
- Pizza caseira de grelos feita no forno de leña
- Postre variado

Sabado 3 de xullo

Comida:

- Lentellas
- Muslo de pavo asado ao limón
- Postre variado

Cea:

- Caldo galego
- Tortilla
- Ensalada
- Croquetas caseiras variadas e empanada
- Postre variado

Domingo 4 xullo

Comida:

- Potaxe de garavanzos
- Pementos do piquillo recheos
- Lombo de porco en salsa de leite

Se tes problema con algúns destes pratos dínolo para poder cambialo.



A participación neste encontro e gratuíta.

Para este encontro so temos **16 prazas**,
se chegan moitas inscricións,
teremos que facer unha selección.

Para facer esta selección teremos en conta os seguintes criterios:

- Que participes nos encontros online de mulleres
- Que participen mulleres de diferentes entidades

O día **21 de xuño** enviaremos un correo para informar
de que persoas poden asistir ao encontro.

Unha vez que teñamos as mulleres participantes,
organizaremos o traslado a casa.

Estableceremos puntos de recollida
en diferentes cidades.

O traslado dende a vosa casa
ata o punto de recollida

debedes facelo vos:

transporte publico, con algunha persoa...

PROTECCIÓN DE DATOS: Regulamento (UE) 2016/679 RGPD e LOPDGDD 3/2018. FADEMGA Plena inclusión Galicia, como responsable do tratamento, tratará os seus datos para xestionar a inscrición e a posterior participación na “Convivencia de mulleres con discapacidade intelectual ou do desenvolvemento”. Poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación e supresión dos datos, entre outros, tal e como se explica na información adicional que pode atopar no reverso.

AUTORIZACIÓNS

Antes de que nos dea a autorización que lle solicitamos a continuación informámoslle de que non é obrigatoria, de que pode retirar o seu consentimento en calquera momento e de que se o fai non se verán afectados os tratamentos de datos feitos con anterioridade.

IMAXES: Durante o desenvolvemento da actividade tomaranse imaxes (fotografías) que serán publicadas en medios dixitais e impresos da Federación, coa finalidade de darlle difusión, como poden ser a páxina web, redes sociais*, Info XXI, prensa e outros medios de comunicación. En ocasións incluimos as imaxes en informes e memorias internas e/ou externas, así como en memorias xustificativas para as nosas entidades financiadoras, coa finalidade de dar fe da realización das actividades subvencionadas. Ademais poderase realizar o visionado destas imaxes con finalidade didáctica en actividades formativas organizadas pola federación.

- SI autorizo a toma e publicación da miña imaxe nos termos expostos
- NON autorizo a toma e a publicación da miña imaxe nos termos expostos

* *A publicación de imaxes a través das redes sociais pode supoñer unha transferencia internacional de datos segundo os seus propios termos e condicións*

ENVÍO DE INFORMACIÓN DE INTERESE:

- SI, desexo recibir información actualizada sobre novas actividades, servizos ou eventos organizados por FADEMGA Plena Inclusión de Galicia e que poidan resultar do meu interese.
- NON desexo recibir información actualizada.

DATOS DE SAÚDE: é imprescindible que coñezamos se ten unha discapacidade, si precisa de cadeira de rodas ou se ten unha alerxia ou intolerancia alimentaria coa finalidade de prestarlle os servizos que nos solicita mediante esta inscrición.

Sinatura da ou do Representante Legal

Data

Sinatura da Persoa Solicitante

INFORMACIÓN ADICIONAL IMPORTANTE SOBRE CÓMO TRATAMOS OS SEUS DATOS

Normativa: Regulamento (UE) 2016/679 RGPD e LOPDGDD 3/2018 .

¿Quen é responsable do tratamento dos teus datos persoais?: FADEMGA Plena inclusión Galicia. CIF:G36620037 Polígono do Tambre-Vía Pasteur 53A-15890 Santiago de Compostela (A Coruña). Teléfono:981519650. Correo electrónico: fademga@fademga.org

¿Con que finalidade tratamos os teus datos?: Para xestionar de forma óptima a súa inscrición e posterior participación na “Convivencia de mulleres con discapacidade intelectual ou do desenvolvemento”. No caso de que nos dea a súa autorización utilizarémolos: a) Para dar difusión á actividade, para a xustificación ante entidades financiadoras e con fins didácticos en actividades formativas organizadas pola Federación, b) Para enviarlle información de interese.

¿Porqué está FADEMGA Plena inclusión lexitimada para o tratamento dos teus datos?: Porque existe unha relación contractual de prestación de servizos. Estamos lexitimados para tratar os datos de saúde porque o facemos para prestar un servizo de asistencia social, en virtude dun contrato de prestación de servizos con profesionais suxeitos a segredo profesional (art. 9.2 h) do Regulamento Xeral de Protección de Datos). Estamos lexitimados para a comunicación dos datos a entidades e organismos financiadores porque ten un interese lexitimo en obter a financiación necesaria para poder continuar desenvolvendo a súa actividade. No caso da toma e publicación de imaxes e do envío de información de interese a base de lexitimación será o seu consentimento explícito

¿Durante canto tempo conservaremos os datos?: Os datos persoais proporcionados conservaranse durante o tempo necesario para xestionar a actividade e, con posterioridade, durante o tempo exixido pola convocatoria reguladora dos fondos recibidos de entidades e organismos financiadores. Para as finalidades ás que se refiren as autorizacións conservaranse ata que solicite a súa supresión.

¿A que terceiras partes se comunicarán os datos? Comunicaranse ó establecemento hoteleiro no que se vai desenvolver a actividade os datos necesarios de cara á xestión. Poderanse comunicar tamén ás entidades e organismos financiadores a efectos de xustificación de subvencións e ós nosos encargados de tratamento no caso de que sexa preciso para a correcta prestación dos servizos que lles temos contratados. No caso de que nos dea permiso para a toma e publicación das súas imaxes comunicarémolos nos termos expostos na autorización.

Transferencia de datos a terceiros países: No caso de que autorice á toma e publicación das súas imaxes, a comunicación as redes sociais poderá supoñer unha transferencia internacional de acordo cos seus propios termos e condicións.

¿É obrigatorio facilitar os datos que pedimos? Os datos que lle solicitamos son necesarios para que se poida inscribir na actividade, sen eles non poderá participar. A autorización para a toma e publicación de imaxes e para o envío de información de interese non son obrigatorias.

¿Cales son os teus dereitos cando nos facilitas os datos? :

- **Acceso:** ten dereito a obter confirmación sobre se estamos a tratar os seus datos persoais ou non, a saber cales son, para que se empregan, canto tempo vanse a gardar, a orixe dos mesmos e se se teñen comunicado ou se van comunicar a un terceiro.

- **Rectificación:** ten dereito a solicitar a rectificación dos datos inexactos e a que se completen os datos persoais incompletos.

- **Supresión:** ten dereito a solicitar a supresión dos datos de carácter persoal cando sexan erróneos, excesivos ou xa non sexan necesarios para os fins para os que foron recollidos, incluído o dereito ao esquecemento.

- **Oposición:** ten dereito a opoñerse, en determinadas circunstancias, a que se realice o tratamento dos seus datos persoais ou a solicitar que se cese no tratamento.

- **Limitación do Tratamento:** ten dereito a solicitar, nas circunstancias establecidas legalmente, que non se traten os seus datos máis aló da mera conservación dos mesmos.

- **Portabilidade:** ten dereito a recibir os datos de carácter persoal nun formato estruturado, de uso común e lectura mecánica, e poder transmitírllos a outro responsable, sempre que sexa tecnicamente posible.

- **Dereito a retirar o consentimento:** con respecto á autorización, ten dereito a retirar o teu consentimento en calquera momento, pero continuarán sendo válidos os tratamentos de datos que se fixeran antes.

¿Como podes exercer estes dereitos?: solicitándoo nun escrito á dirección anteriormente indicada. Poñemos á túa disposición modelos para o elo, que poden recollese nas nosas instalacións.

AGENCIA ESPAÑOLA PROTECCIÓN DE DATOS: no caso de que non se respectaran os teus dereitos podes presentar reclamación á AEPD c/ Jorge Juan, 6-28001-Madrid ou empregar a sede electrónica: <https://sedeagpd.gob.es/>